

**IES Xesús Ferro Couselo. Departamento Bioloxía e Xeoloxía. Curso 2023/2024****1º BACHARELATO Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais****Distribución e temporalización dos contidos** (Esta distribución poderá variar ao longo do curso):

1ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
1	A HISTORIA XEOLÓXICA DA TERRA	
2	A ESTRUTURA E DINÁMICA DA TERRA	
3	OS PROCESOS XEOLÓXICOS E A FORMACIÓN DAS ROCHAS	
4	OS PROCESOS XEOLÓXICOS E A EVOLUCIÓN DO RELEVO	
5	A EVOLUCIÓN DA VIDA NA TERRA	

2ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
6	A BASE MOLECULAR DA VIDA	
7	A ORGANIZACIÓN CELULAR E OS TECIDOS	
8	A CLASIFICACIÓN DA VIDA. DIVERSIDADE DE SERES VIVOS	
9	AS FUNCIÓNS VITAIS DAS PLANTAS	

3ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
10	A NUTRICIÓN DOS ANIMAIS	
11	A RELACIÓN NOS ANIMAIS	
12	A REPRODUCCIÓN NOS ANIMAIS	
13	O MEDIO AMBIENTE E A SÚA DINÁMICA	
14	O SER HUMANO NO MEDIO AMBIENTE	

Materiais e recursos didácticos:

Libro de texto: Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais. Editorial SM. Presentacións de diapositivas elaboradas polo docente. Guions de prácticas de laboratorio. Boletíns de exercicios Aula Virtual e diversos recursos web.

ESPAZOS: aula - laboratorio de ciencias, aula de informática.

O libro de texto e as presentacións de diapositivas de cada unidade serán as guías fundamentais para abordar os contidos da materia. As presentacións de diapositivas estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual. Para traballar os contidos empregaranse tanto os exercicios propostos no libro de texto, exercicios dos boletíns, guión das prácticas de laboratorio e os diversos recursos web.



Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación:

UD	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	TOTAL
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	6	6	6	8	8	6	8	8	6	8	8	6	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas: En cada unha das tres avaliacións farase como mínimo unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. A/s proba/s escrita/s representarán o 70% da nota da avaliación.

- Producións do alumnado: as tarefas de aula, traballos de investigación, esquemas das unidades didácticas e os informes das prácticas de laboratorio representarán o 30% da nota de avaliación. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

CUALIFICACIÓN POSITIVA E CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese en 5 puntos sobre 10.

A **cualificación final** da materia será a media aritmética das notas globais das tres avaliacións do curso ou, de ser o caso, na proba final.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación seguirase os seguintes criterios: - Decimais menores ou iguais a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6.5 correspóndelle un 6 na avaliación). - Decimais maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación)

Criterios de recuperación:

Se a cualificación dunha avaliación é inferior a 5 puntos sobre 10, ao remate da avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación baseada nos mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación e na cal se poderán incluír, ademais de contidos teóricos da materia, contidos propios das prácticas de laboratorio realizadas. Se a cualificación final da proba escrita é igual ou superior a 5 puntos sobre 10, considerarase a avaliación correspondente aprobada.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non superen a materia poderán realizar unha proba escrita extraordinaria a finais de xuño. A cualificación nesta convocatoria será 100% do resultado de dita proba. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10.